



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	SAÍDA
Núm. _____	Núm. 1312

REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que o Alcalde con data un de xullo de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 304 / 2015 **Data decreto:** 01/07/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais..

DON JOSE LUIS RIVAS CRUZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento dun socorrista para a piscina municipal a 40 horas semanais como persoal laboral temporal, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 278/2015, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 30/06/2015.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como socorrista a Carlos Mosteiro Varela con DNI 78806065S.

SEGUNDO.- Sinalar que a documentación que se esixe ao interesado para formalización do contrato relacionada na base quinta foi presentada na data de hoxe con rexistro de entrada número 1612 e que comprende os seguintes documentos:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.
- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro.

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativo para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 02/07/2015.

Boimorto un de xullo de dous mil quince

O Alcalde


Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

Perante min:
A secretaria

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Boimorto a dous de xullo de dous mil quince.

Vº Pr.
O Alcalde



Asdo.- Jose Luis Rivas Cruz

